

## Resolución reitoral pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a organización de xornadas divulgativas e ciclos de conferencias na Universidade da Coruña durante o ano 2025 e se procede á súa convocatoria

Co fin de contribuír á divulgación do coñecemento, e en exercicio das competencias que teño atribuídas en virtude do disposto no artigo 36.1.n) dos Estatutos da Universidade da Coruña (UDC), aprobados por Decreto 101/2004, do 13 de maio, modificados por Decreto 194/2007, do 11 de outubro, procedo a establecer as bases reguladoras das axudas para a organización de xornadas divulgativas e ciclos de conferencias no ano 2025 e á súa convocatoria.

### CAPÍTULO I. Disposicións xerais

#### Artigo 1. Obxecto

1. Esta resolución establece as bases reguladoras das axudas para a organización de xornadas divulgativas e ciclos de conferencias no ano 2025 e abre o prazo para a presentación de solicitudes.

2. Para os efectos da presente convocatoria, as xornadas divulgativas teñen como obxectivo a actualización de coñecementos sobre unha área determinada cunha estrutura de relatorios, mesas de debates ou obradoiros que se realizarán nun ou varios días consecutivos.

Os ciclos de conferencias consistirán en conferencias que terán lugar en distintas xornadas e nas que se abordarán asuntos dunha determinada temática por parte de persoas especializadas.

En ambos os casos as actividades propostas deberán ter carácter divulgativo e non estar vinculadas a ningunha outra actividade académica ou investigación; estarán dirixidas a estudantes e ao público xeral, de modo que se diferencian tanto en obxectivos como en público da oferta de congresos, simposios e reunións científicas.

#### Artigo 2. Persoas solicitantes

1. Poderá presentar propostas o persoal docente e investigador da UDC ou ben os centros, departamentos ou institutos, a través da súa dirección, da UDC.

2. As solicitudes dirixidas por docentes individuais deberán ter carácter interdepartamental, agás no caso de centros que non teñan ou só teñan un departamento; deben agrupar un número significativo de persoas docentes da UDC asinantes da proposta, nunca inferior a dez e sempre con vinculación académica demostrable ao tema proposto.

| Código Seguro De Verificación | ZXb7wJlugIfGQiTs2xmAQ==                                                                                                                         | Estado  | Data e hora         |
|-------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------------------|
| Asinado Por                   | Vicerreitor/a - Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte - María Cristina Naya Riveiro                                                   | Asinado | 23/01/2025 14:15:44 |
| Observacións                  |                                                                                                                                                 | Páxina  | 1/10                |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/ZXb7wJlugIfGQiTs2xmAQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/ZXb7wJlugIfGQiTs2xmAQ==</a> |         |                     |
| Normativa                     | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).             |         |                     |



3. Cada solicitante poderá optar a unha única axuda, de acordo co disposto nesta resolución desta convocatoria, agás que se trate de departamentos, que terá limitado o número de solicitudes segundo se establece no Anexo.

Esta limitación non será aplicable ás solicitudes que non requiran financiamento senón acollerse aos restantes beneficios desta convocatoria.

### Artigo 3. Duración e datas de realización

1. As xornadas divulgativas terán unha duración mínima de 8 horas e os ciclos de conferencias estarán compostos dun mínimo de 3 relatorios.

2. As actividades deberán desenvolverse durante o período comprendido entre febreiro e outubro de 2025. Exceptúase, agás solicitude razoada, o período comprendido entre o 1 e o 31 de xullo de 2025 por se corresponder con actividades de cursos de verán; aquelas actividades que non precisen financiamento poderán prolongar o seu desenvolvemento ata finais de 2025.

### Artigo 4. Organización

1. As persoas solicitantes e responsables ou coordinadoras deberán pertencer ao persoal docente e investigador da UDC.

2. Non deberá figurar máis dunha persoa responsable ou coordinadora por actividade.

3. Correspóndelle á coordinación da actividade establecer os contidos, o profesorado e a organización; xestionará, ademais, a asistencia aos cursos e a posterior entrega de diplomas. De ser preciso, manterá comunicación coa Sección de Extensión Universitaria.

3. O/a responsable da partida orzamentaria será a persoa que presente a solicitude (decano/a, /director/a, director/a de departamento ou de instituto universitario).

### Artigo 5. Cotas de inscrición e matrícula

1. As cotas de inscrición nas xornadas divulgativas non poderán superar os 50 € para os membros da UDC e para as persoas desempregadas. Para o resto de persoas a tarifa xeral non deberá exceder de 100 €.

No caso de que a xornada teña unha cota, efectuarase unha retención do 5% en concepto de custos indirectos.

Os ciclos de conferencias non terán cota de matrícula.

| Código Seguro De Verificación | ZXb7wJlugIfegQiT52xmAQ==                                                                                                                          | Estado  | Data e hora         |
|-------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------------------|
| Asinado Por                   | Vicerreitor/a - Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte - María Cristina Naya Riveiro                                                     | Asinado | 23/01/2025 14:15:44 |
| Observacións                  |                                                                                                                                                   | Páxina  | 2/10                |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/ZXb7wJlugIfegQiT52xmAQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/ZXb7wJlugIfegQiT52xmAQ==</a> |         |                     |
| Normativa                     | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).               |         |                     |



2. A matriculación nestas actividades centralizarase na Sección de Extensión Universitaria, que facilitará o acceso á plataforma de inscricións á persoa que realice os labores de dirección ou coordinación.

O importe das cotas xerará crédito (coa correspondente retención, de ser o caso) xunto co financiamento concedido, na partida orzamentaria habilitada para a xornada; a Sección de Extensión Universitaria será a encargada de facilitar este trámite que tamén efectuará as actuacións de control necesarias.

#### Artigo 6. Lugar de realización e saídas

1. As actividades financiadas deberán levarse a cabo até o 31 de outubro de 2025, coas limitacións indicadas no primeiro apartado desta convocatoria.

2. Para aquelas actividades que requiran saídas das instalacións da UDC será obrigatorio, para as persoas participantes que non sexan membros da comunidade universitaria, concertar un seguro de accidentes.

#### Artigo 7. Avaliación de resultados

Cada actividade disporá dun procedemento de avaliación de resultados que será facilitado pola Sección de Extensión Universitaria e que deberá ser devolto á mesma Sección.

#### Artigo 8. Recoñecemento académico e diploma acreditativo

1. En ningún caso os cursos poderán ter efectos curriculares en relación con calquera das titulacións oficiais da UDC, agás os créditos correspondentes co disposto na Resolución reitoral vixente no momento de peche da convocatoria.

2. Entregaráselles un diploma acreditativo a todas as persoas participantes que asistan ao 85% das sesións. O control da asistencia é responsabilidade da organización do curso.

### CAPÍTULO II. Procedemento de concesión das axudas

#### Artigo 9. Solicitudes e documentación

1. O prazo de presentación de solicitudes comeza o día seguinte á publicación destas bases no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC e remata o día 21 de febreiro de 2025 ás 14:00 h.

2. As solicitudes deben presentarse segundo o modelo oficial dispoñible no seguinte enderezo web: <https://udc.gal/occ/impresos/>

| Código Seguro De Verificación | ZXb7wJlugIfeGQiTs2xmAQ==                                                                                                                          | Estado  | Data e hora         |
|-------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------------------|
| Asinado Por                   | Vicerreitor/a - Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte - María Cristina Naya Riveiro                                                     | Asinado | 23/01/2025 14:15:44 |
| Observacións                  |                                                                                                                                                   | Páxina  | 3/10                |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/ZXb7wJlugIfeGQiTs2xmAQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/ZXb7wJlugIfeGQiTs2xmAQ==</a> |         |                     |
| Normativa                     | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).               |         |                     |



3. As solicitudes dirixiránse á Sección de Extensión Universitaria – Xornadas divulgativas e ciclos de conferencias, e presentarase a través do Rexistro da Sede Electrónica da UDC: [https://sede.udc.gal/services/telematic\\_register](https://sede.udc.gal/services/telematic_register).

4. Todas as solicitudes deberán levar o informe favorable do órgano ou órganos Colegiados correspondentes (non se admitirán informes emitidos por órganos delegados) no que se deberá constatar o seguinte:

a) que os contidos da actividade proxectada complementan e non se sobrepoñen con ningunha actividade de ensino regrado ou título propio impartido, que tales contidos son acordes coa visión e a misión da UDC;

b) orzamento detallado da actividade que indique o destino e uso da posible colaboración económica (honorarios de cada participante, posibles gastos de desprazamento e aloxamento, publicidade, financiamento externo e outros);

c) unha declaración responsable sobre que non se solicita colaboración económica a outro órgano da UDC para o mesmo fin.

5. Será de aplicación ás solicitudes o disposto no artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

#### Artigo 10. Criterios de selección

1. No caso de que as cantidades solicitadas superen o orzamento asignado, limitarase a concesión ás solicitudes mellor puntuadas ata esgotar a cantidade total.

A tal fin, a Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte (VDCD) ordeará as solicitudes atendendo aos seguintes criterios de valoración, por esta orde:

- Grao de centralización da solicitude, por esta orde: dirección de centros, departamentos, institutos universitarios e PDI. Valorarase o agrupamento deses ámbitos nunha soa solicitude. Máximo de 10 puntos.
- Concorrencia a convocatorias públicas e financiamento externo documentado: máximo de 2,5 puntos.
- Duración da actividade: máximo de 2 puntos.
- Alcance e carácter da actividade: máximo de 1 punto.
- Número de matrículas ou asistencia en convocatorias anteriores: máximo de 1,5 puntos.
- Periodicidade: máximo de 1 punto.
- Publicacións derivadas de anteriores edicións: máximo de 1 punto.
- Grao de participación da UDC na organización e na utilización de medios e recursos propios: máximo de 1 punto.
- Interese xustificado e coherencia do programa: máximo de 2 puntos.

| Código Seguro De Verificación | ZXb7wJlugIfeGQiTs2xMAQ==                                                                                                                          | Estado  | Data e hora         |
|-------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------------------|
| Asinado Por                   | Vicerreitor/a - Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte - María Cristina Naya Riveiro                                                     | Asinado | 23/01/2025 14:15:44 |
| Observacións                  |                                                                                                                                                   | Páxina  | 4/10                |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/ZXb7wJlugIfeGQiTs2xMAQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/ZXb7wJlugIfeGQiTs2xMAQ==</a> |         |                     |
| Normativa                     | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).               |         |                     |



j) Xustificación e adecuación do orzamento previsto aos obxectivos propostos: máximo de 2 puntos.

2. Non se terán en consideración as seguintes solicitudes:

- As que non sigan os modelos de solicitude que se indican na presente convocatoria.
- As que contén con outras colaboracións económicas desta ou doutra vicerreitoría da UDC, con independencia do nome con que se presenten.
- As actividades asimilables a cursos de formación ou de verán.
- As organizadas por cursos de mestrado, por títulos propios ou por centros adscritos.
- As solicitudes, individuais ou colectivas, que resulten duplicadas.
- As que demostren incoherencia entre o título e o perfil académico dos/as solicitantes.
- As que incumpriran as bases da convocatoria en exercicios anteriores.

3. Os/as solicitantes que teñan pendente a presentación da memoria de convocatorias anteriores quedan excluídos da adxudicación nesta nova edición.

4. No caso de coincidencia temática con outra proposta, entendida esta coincidencia por extenso, dado o carácter divulgativo das actividades, consideraranse como unha soa actividade.

A aquelas solicitudes que non acadaron xustificadamente os criterios de valoración indicados seralles minorado proporcionalmente o importe concedido en vindeiras convocatorias.

5. Procurarase garantir a renovación da oferta para lles dar cabida a actividades que non se realizasen en edicións anteriores.

### Artigo 11. Adxudicación e aceptación

1. Resolverá a convocatoria e adxudicará as axudas a VDCD, quen ordeará a súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial.

2. As persoas interesadas terán un prazo de 7 días naturais a contar desde o día seguinte á data de publicación para aceptar a axuda.

3. As cantidades correspondentes ás axudas non aceptadas volverán redistribuírse coas solicitudes restantes.

4. Todas as decisións tomadas pola VDCD referidas a esta convocatoria serán informadas á Comisión de Extensión Universitaria.

| Código Seguro De Verificación | ZXb7wJlugIfGQiTs2xmAQ==                                                                                                                         | Estado  | Data e hora         |
|-------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------------------|
| Asinado Por                   | Vicerreitor/a - Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte - María Cristina Naya Riveiro                                                   | Asinado | 23/01/2025 14:15:44 |
| Observacións                  |                                                                                                                                                 | Páxina  | 5/10                |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/ZXb7wJlugIfGQiTs2xmAQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/ZXb7wJlugIfGQiTs2xmAQ==</a> |         |                     |
| Normativa                     | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).             |         |                     |



### CAPÍTULO III. ASPECTOS ECONÓMICOS

#### Artigo 12. Financiamento

1. As axudas que financian esta convocatoria serán a cargo da partida orzamentaria 170A 121A 22606 da VDCD. Cursos de verán e xornadas e ciclos de conferencias.

O centro de gasto correspondente a cada curso será o centro a que pertenza a dirección da actividade.

2. A contía máxima da colaboración económica prevista para cada actividade será de 2000 €.

Esta axuda será incompatible con outras colaboracións económicas concedidas desde a UDC para o mesmo fin.

3. A dirección ou coordinación da actividade xestionará a axuda, sen prexuízo da presenza da Sección de Extensión Universitaria nas actuacións de control.

4. Co importe da axuda, o financiamento alleo e, de ser o caso, as cotas de inscrición, deberá quedar debidamente cuberta a totalidade dos gastos xerados pola actividade.

5. Non son gastos subvencionables os gastos de protocolo.

6. Non se poderá destinar o importe total da axuda a un único gasto salvo coa autorización expresa da VDCD.

7. En ningún caso a colaboración económica será destinada ao pagamento do profesorado propio ou a pagamento de honorarios á dirección ou secretaría da actividade.

8. O gasto en material de promoción e agasallo solicitado á Sección de Extensión Universitaria poderá ser deducido do financiamento concedido, en función do seu volume.

### CAPÍTULO IV. Obrigas das persoas solicitantes

#### Artigo 13. Imaxe institucional

1. Todas as actividades incluírán, no material de difusión e na súa publicidade, o símbolo e logotipo da UDC e, de acordo cos convenios asinados por esta, os daquelas outras entidades que, de ser o caso, indiquen as persoas organizadoras.

| Código Seguro De Verificación | ZXb7wJlugIfegQiTs2xMAQ==                                                                                                                          | Estado  | Data e hora         |
|-------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------------------|
| Asinado Por                   | Vicerreitor/a - Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte - María Cristina Naya Riveiro                                                     | Asinado | 23/01/2025 14:15:44 |
| Observacións                  |                                                                                                                                                   | Páxina  | 6/10                |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/ZXb7wJlugIfegQiTs2xMAQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/ZXb7wJlugIfegQiTs2xMAQ==</a> |         |                     |
| Normativa                     | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).               |         |                     |



2. No caso de elaborar publicidade específica, esta correrá por conta da organización do curso e se axustará ás normas de identidade corporativa (<https://www.udc.gal/gl/occ/impresos/> ) e ao Regulamento de usos da lingua galega da UDC ([https://www.udc.gal/normativa/xeral/regulamento\\_usos\\_lingua\\_galega/](https://www.udc.gal/normativa/xeral/regulamento_usos_lingua_galega/)).

#### Artigo 14. Memoria xustificativa

1. No prazo máximo dun mes desde o remate da actividade obxecto de financiamento, achegárase á Sección de Extensión Universitaria unha memoria xustificativa, que incluírá, cando menos:

- a) Un resumo da actividade.
- b) O programa final que inclúa as persoas relatoras e os seus relatorios.
- c) O peche do orzamento coa relación pormenorizada dos gastos e ingresos facilitada e asinada pola persoa responsable de asuntos económicos do centro. Informe Documenta de Universitas XXI.
- d) A publicidade difundida.
- e) Un informe de prensa e ou impacto da actividade e calquera outro aspecto que resulte de interese.

2. Esta memoria debe axustarse ao modelo que se indica na páxina web: <https://www.udc.gal/gl/occ/impresos/>

3. Calquera variación respecto da proposta presentada a esta convocatoria deberá ser notificada á VDCD antes das datas programadas en primeira instancia para a súa autorización.

### CAPÍTULO V. Protección de datos

#### Artigo 15. Protección de datos

1. En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos, RXPd), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña(UDC), cuxos datos de contacto son: rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico [secretariaxeral@udc.gal](mailto:secretariaxeral@udc.gal).

| Código Seguro De Verificación | ZXb7wJlugIfGQiTs2xMAQ==                                                                                                                         | Estado  | Data e hora         |
|-------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------------------|
| Asinado Por                   | Vicerreitor/a - Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte - María Cristina Naya Riveiro                                                   | Asinado | 23/01/2025 14:15:44 |
| Observacións                  |                                                                                                                                                 | Páxina  | 7/10                |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/ZXb7wJlugIfGQiTs2xMAQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/ZXb7wJlugIfGQiTs2xMAQ==</a> |         |                     |
| Normativa                     | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).             |         |                     |





Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD.

A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no dito taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderaos exercer da seguinte maneira:

a) Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que figura na Sede Electrónica da UDC, <https://sede.udc.gal>, no apartado Outros trámites.

b) Mediante unha solicitude por escrito ao responsable do tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), dirixida ben ao enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña; ben ao correo electrónico [rpd@udc.gal](mailto:rpd@udc.gal). Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.

c) Mediante unha solicitude por escrito dirixida á persoa delegada de Protección de Datos, ben ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ben ao correo electrónico [dpd@udc.gal](mailto:dpd@udc.gal). Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da citada sede electrónica ou os rexistros presenciais da UDC.

Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

| Código Seguro De Verificación | ZXb7wJlugIfGQiTs2xmAQ==                                                                                                                         | Estado  | Data e hora         |
|-------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------------------|
| Asinado Por                   | Vicerreitor/a - Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte - María Cristina Naya Riveiro                                                   | Asinado | 23/01/2025 14:15:44 |
| Observacións                  |                                                                                                                                                 | Páxina  | 8/10                |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/ZXb7wJlugIfGQiTs2xmAQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/ZXb7wJlugIfGQiTs2xmAQ==</a> |         |                     |
| Normativa                     | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).             |         |                     |





## CAPÍTULO VI. Incumplimentos

### Artigo 16. Imposibilidade de concorrencia a próximas convocatorias e reintegro

A renuncia, a falta de execución ou o uso da axuda para un fin diferente ao declarado dará lugar á imposibilidade de concorrencia á convocatoria ou convocatorias seguintes, sen prexuízo da incoación dun expediente para o reintegro parcial ou total da axuda, de conformidade co disposto na normativa de subvencións.

### Disposición final. Publicación e entrada en vigor

Esta resolución entrará en vigor a partir do día seguinte ao da publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

O REITOR

PD (RR 10/07/2025)

A VICERREITORA DE DIVULGACIÓN, CULTURA E DEPORTE

| Código Seguro De Verificación | ZXb7wJlugIfeGQiTs2xmAQ==                                                                                                                          | Estado  | Data e hora         |
|-------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------------------|
| Asinado Por                   | Vicerreitor/a - Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte - María Cristina Naya Riveiro                                                     | Asinado | 23/01/2025 14:15:44 |
| Observacións                  |                                                                                                                                                   | Páxina  | 9/10                |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/ZXb7wJlugIfeGQiTs2xmAQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/ZXb7wJlugIfeGQiTs2xmAQ==</a> |         |                     |
| Normativa                     | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).               |         |                     |



## ANEXO

Número máximo de solicitudes para o desenvolvemento de xornadas divulgativas e ciclos de conferencias que pode presentar cada departamento en función do censo de persoal docente e investigador adscrito:

| DEPARTAMENTO                                                                 | Nº solicitudes* |
|------------------------------------------------------------------------------|-----------------|
| Bioloxía                                                                     | 2               |
| Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información                         | 4               |
| Ciencias da Navegación e Enxeñaría Mariña                                    | 1               |
| Ciencias da Saúde                                                            | 2               |
| Construcións e Estructuras Arquitectónicas, Cívicas e Aeronáuticas           | 2               |
| Dereito Privado                                                              | 1               |
| Dereito Público                                                              | 2               |
| Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación | 2               |
| Economía                                                                     | 2               |
| Educación Física e Deportiva                                                 | 1               |
| Empresa                                                                      | 2               |
| Enxeñaría Civil                                                              | 2               |
| Enxeñaría de Computadores                                                    | 1               |
| Enxeñaría Industrial                                                         | 1               |
| Enxeñaría Naval e Industrial                                                 | 2               |
| Expresión Gráfica Arquitectónica                                             | 1               |
| Física e Ciencias da Terra                                                   | 1               |
| Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas                                 | 2               |
| Humanidades                                                                  | 1               |
| Letras                                                                       | 2               |
| Matemáticas                                                                  | 2               |
| Pedagogía e Didáctica                                                        | 1               |
| Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición                           | 1               |
| Psicoloxía                                                                   | 1               |
| Química                                                                      | 2               |
| Socioloxía e Ciencias da Comunicación                                        | 2               |

\* Este número calculouse tendo en conta o número de persoas docentes investigadoras adscritas ao departamento, considerando unha solicitude por cada 50 persoas.

| Código Seguro De Verificación | ZXb7wJlugIfegQiTs2xMAQ==                                                                                                                          | Estado  | Data e hora         |
|-------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------------------|
| Asinado Por                   | Vicerreitor/a - Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte - María Cristina Naya Riveiro                                                     | Asinado | 23/01/2025 14:15:44 |
| Observacións                  |                                                                                                                                                   | Páxina  | 10/10               |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/ZXb7wJlugIfegQiTs2xMAQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/ZXb7wJlugIfegQiTs2xMAQ==</a> |         |                     |
| Normativa                     | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).               |         |                     |

